

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO POLA QUE SE FAI PÚBLICA A RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS ADXUDICATARIAS DE PRAZAS DE RESIDENCIA NO INSTITUTO POLITÉCNICO MARÍTIMO PESQUEIRO DO ATLÁNTICO DE VIGO (PRAZO EXTRAORDINARIO) CONFORME Á ORDE DO 25 DE XUÑO DE 2021 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA O ACCESO ÁS PRAZAS DE RESIDENCIA E DE COMEDOR NOS CENTROS RESIDENCIAIS DESTA CONSELLERÍA, E SE CONVOCA A OFERTA DE PRAZAS PARA O CURSO ACADÉMICO 2021/2022.

O día 9 de xullo de 2021 publicouse a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para o acceso as prazas de residencia e de comedor nos centros residenciais desta consellería, e se convoca a oferta de prazas para o curso académico 2021/22.

Conforme ao artigo 11 desta orde, o día 28 de setembro de 2021 reuniuse no Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico de Vigo a Comisión de Valoración para examinar as solicitudes presentadas, e elaborar as listas provisionais de admitidos e excluídos no prazo extraordinario. Dado que non existen persoas excluídas e visto que de acordo co establecido nos artigos 4.4 e 17 da mencionada orde, o número de solicitudes presentadas é inferior ao número de prazas tanto de residencia en pensión completa coma de media pensión/xantar diario non regular ofertadas na convocatoria, a Comisión de Valoración procede a dar traslado da relación provisional de persoas admitidas á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Tendo en conta a proposta da Comisión de Valoración, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro,

**RESOLVE:**

En cumprimento do punto 2, do artigo 12 da Orde do 25 de xuño de 2021, facer pública a relación provisional de persoas adxudicatarias de prazas de residencia en pensión completa e media pensión/xantar diario non regular para a residencia do Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo no prazo extraordinario. Esta relación figura como anexo desta resolución, e deberá publicarse na páxina web da Consellería do Mar e no taboleiro de anuncios do Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo.

Contra esta resolución as persoas interesadas poderán formular reclamación ante a propia comisión no prazo de 10 días hábiles seguintes ao da súa publicación. As reclamacións serán dirixidas á presidenta da comisión.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

(asinado dixitalmente)



## ANEXO

Relación provisional de persoas adxudicatarias de prazas de residencia en pensión completa e media pensión/xantar diario non regular no prazo extraordinario

### LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS

*Período Extraordinario. Pensión Completa. Curso 2021/2022*

Nº	NOME	DNI
1	BARREIRO ORTIZ DE ARTIMAÑO, JAIME	***0954**
2	BYKHERVICHEN IZEKKI, MOAAD	***2310**
3	CONDE RODRIGUEZ, MANUEL	***6139**
4	DOCAMPO CABANELAS, UXIA VALENTINA	***1439**
5	FIGUEROA SANJORGE, HUGO	***6188**
6	PAZ ALCÁNTARA, JORGE	***1538**
7	RODRIGUEZ ACEVEDO, DIEGO	***7923**

*Período extraordinario. Xantar diario non regular*

Nº	NOME	DNI
1	DIOS GONZALEZ, INMACULADA	***6052**
2	TORRES LEMOS, PEDRO	***1074**

- As persoas interesadas poderán formular reclamación ante a propia comisión no prazo de 10 días hábiles seguintes ao da súa publicación. As reclamacións serán dirixidas á presidenta da Comisión.

